

# 14 FOLGA ESTUDANTIL

novembro



Fóra o machismo das nosas aulas!

**MANIFESTACIÓN • 12 h**

- Coruña: Obelisco
- Ferrol: Edificio Xunta
- Vigo: Farola de Urzáiz
- Lugo: Edificio Xunta

Consulta hora e lugar da mobilización do resto de cidades na nosa web

**EDUCACIÓN SEXUAL  
INCLUSIVA NO SISTEMA EDUCATIVO!**



[www.libresycombativas.net](http://www.libresycombativas.net)  
[www.sindicatodeestudiantes.net](http://www.sindicatodeestudiantes.net)

O curso pasado millóns de mulleres traballadoras, mozas e estudantes, apoiadas por miles dos nosos compañeiros, saímos ás rúas do Estado español para denunciar un sistema e unha xustiza patriarcal que amparan unha violencia machista que nos oprime, viola e mata. A nosa mobilización conmocionou a toda a sociedade e tivo unha influencia decisiva para sacar ao PP do Goberno.

Pero o machismo e a opresión sexista seguímolos sufrindo cada día e tamén no sistema educativo. E non podemos esperar máis, queremos que as cousas cambien drasticamente! Esta é a razón pola que desde o Sindicato de Estudantes e Libres e Combativas chamamos a toda a mocidade a unha **gran folga xeral estudantil** e a celebrar manifestacións masivas o próximo **14 de novembro**, para esixir ao goberno de Pedro Sánchez e ao Ministerio de Educación:

**1. A posta en marcha inmediata dunha materia de educación sexual inclusiva avaliable e obrigatoria** en todos os centros de estudo, tanto públicos como privados, para que sen importar o noso xénero, orientación sexual ou identidade, podamos ser o que somos. Unha materia para o ensino primario, secundaria, bacharelato e formación profesional que sirva para educar en liberdade, contra o machismo, os malos tratos e a cultura da violación, contra a homofobia e a transfobia.

**2. Un Decreto Lei que elimine de maneira inmediata dos regulamentos internos dos centros de estudo calquera referencia machista e represiva** á nosa forma de vestir, recollendo explicitamente o respecto á liberdade sexual de todas as persoas, dos dereitos do colectivo LGTBI+ e que se adopten medidas disciplinarias contundentes contra aqueles profesores que en institutos e universidades, aínda que son minoría, manteñen actitudes machistas e sexistas.

**3. Pola derogación inmediata da LOMCE**, a reversión de todos os recortes educativos e a gratuidade do ensino público desde infantil á universidade para as mozas e mozos das familias traballadoras. Non botamos ao goberno de Rajoy para que todo siga igual!

Queremos respecto e dignidade, queremos liberdade e o fin dos abusos e a humillación. Basta de palabras, queremos feitos.

**Todas e todos  
á folga xeral estudantil  
do 14 de novembro!**

**Baleirar as AULAS  
e encher as RÚAS!**